







Turdus philomelos C. L. Brehm, 1831

 tordo común
 zorzal común
 birigarro arrunta
 tord comú
 song thrush
 tordo-comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	70 g
Lonxitude	20-22 cm
Envergadura	33-36 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Turdus</i>

ALIMENTACIÓN

Con predilección por caracois, aliméntase tamén doutros invertebrados, froitos e sementes

COMPORTEAMENTO

Cando se move polo chan, esta especie corre ou salta pero case nunca camiña. É característica a súa postura de quedar quedo coa cabeza ladeada dando a impresión que está escoitando aos invertebrados do chan (pero en realidade o que está é véndoos, xa que necesita poñer esa posición para velos pola posición lateral dos seus ollos.

REPRODUCCIÓN

Celo prolongado, pódese iniciar dende finais de febreiro ata principios de setembro. A posta consta de 3-5 ovos de cor azul claro e moi moteados incubados pola femia durante 10-17 días. Os polos serán independentes aos 11-17 días.

HÁBITAT

Bosques densos durante a época reprodutiva; zonas máis abertas en inverno.

DISTRIBUCIÓN

Aparece en grande parte de Europa e metade norte de Asia na súa época reprodutora. Durante o inverno faise moi común nas zonas cálidas do sur de ambos continentes.

CURIOSIDADES

O tordo común ten unha estratexia característica de romper as cunchas dos caracois dos que se alimenta: transpórtaos cara unha pedra onde o golpea ata facer pedazos a cocha e acceder á carne, acumulándose os restos de cunchas no mesmo punto xa que reutiliza a mesma rocha múltiples veces.

A subespecie que habita na península Ibérica é *Turdus philomelos* subsp. *philomelos*